

OS ECOSISTEMAS

Os seres vivos teñen distintas necesidades. Algunhas plantas, como os fentos, necesitan vivir en lugares con sombra e outras necesitan moito sol.

Os animais tamén teñen distintas necesidades e non poden vivir en calquera lugar.

Cada ser vivo ten unhas necesidades diferentes e vive no lugar onde pode satisfacelas.

Os seres vivos dun ecosistema son as plantas, os animais e o resto de seres vivos, moitos deles microscópicos, que habitan nel.



O medio físico é o lugar onde habitan os seres vivos. O solo, a auga e as rochas forman parte do medio físico.

1. Pensa e escribe a túa resposta:

Sería posible atopar un pingüín nun deserto? Por que?

E un lagarto no polo? Por que?

2. Cales son os seres vivos dun ecosistema?

AS PLANTAS

OS RÍOS

AS MONTAÑAS

OS ABETOS

O POLEN

AS VACAS

AS NUBES

OS VIRUS

TIPOS DE ECOSISTEMAS



Na terra existen moitos ecosistemas diferentes, grandes e pequenos.

Clasifícanse en:

- **terrestres:** bosques, desertos



- **acuáticos:** de auga doce, de auga salgada



1. En que ecosistema habita cada animal?

SARDIÑA

RA

OSO

CAMELO

TROITA

RÍO

BOSQUE

DESERTO

MAR

CHARCA